

**CERTAMEN SEU LUDUS LITTERARUM**  
**“LUCUS CULTURAL”**

1. Dentro das Grandes Festas lucenses do ARDE LUCUS, e co ánimo de promover o cultivo da lingua latina da que procede o noso romance galego, a Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo convoca o I CERTAMEN SEU LUDUS LITTERARUM “LUCUS CULTURAL” de relatos en latín.
2. Poderán participar persoas de calquera nacionalidade que teñan entre 14 e 28 anos de idade o día 31 de maio do 2013, data límite para a entrega dos relatos.
3. Os relatos serán inéditos. O tema xeral será a cidade de Lugo desde o punto de vista histórico, e neles valorarase tanto o contido como a calidade da composición.
4. Os relatos estarán escritos en latín e terán unha extensión máxima de dous folios ou 4.000 caracteres con espazos incluídos. Presentaranse mecanografados a dobre espazo e por unha soa cara do papel, con tipo de letra Arial, Times New Roman ou similares, en follas DIN A4, que no caso de seren dúas deben estar grampadas ou unidas dalgún xeito.
5. Presentaranse catro copias, asinadas cun pseudónimo xunta o cal se debe anotar tamén a idade da persoa participante a día 31 de maio do 2013, dentro dun sobre no que figurará a referencia “Certamen seu ludus litterarum Lucus Cultural”. Dentro deste sobre incluírase tamén outro máis pequeno, pechado, que conterá o nome e apelidos, enderezo postal, e-mail, número de teléfono e data de nacemento do participante, xunto cunha fotocopia do seu DNI ou documento equivalente.
6. As obras poderanse presentar ata o día 31 de maio do 2013, persoalmente ou por correo, na Oficina de Información Xuvenil, Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, Centro de Convivencia “Uxío Novoneyra”, Rúa Quiroga Ballesteros s/n, 27001, Lugo.
7. Establécense dous premios por grupos de idade:
  - Para participantes de 14 a 17 anos, ambas idades incluídas: un premio valorado en 300 €.
  - Para participantes de 18 a 28 anos: un premio de 300 €. No caso de o premiado ou premiada ser de fóra do Concello de Lugo, poderá escoller, en vez do premio en diñeiro, unha invitación para dúas persoas á festa do ARDE LUCUS do 2013 consistente en aloxamento durante as tres noites da fin de semana con almorzo incluído.

**Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua**

XUVENTUDE

Refª: Bases concurso de relatos latín EN GALEGO

Asunto: Concurso de relatos Lucus Cultural

8. A composición do xurado, que estará formado por especialistas en lingua latina, darase a coñecer canda a súa decisión.
9. A decisión do xurado comunicaráselles persoalmente ós premiados e publicarase na web do Concello de Lugo [www.lugo.es](http://www.lugo.es).
10. O premio poderá ser declarado deserto se segundo o criterio do xurado ningunha das obras presentadas alcanzar a calidade requirida.
11. As obras gañadoras quedarán no poder da Concellería de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua do Concello de Lugo, que as utilizará cando e como estime oportuno, citando sempre o nome do autor ou autora.
12. A participación neste certame implica a aceptación total destas bases e mais das decisións do xurado, que serán inapelables. Calquera incumprimento das bases do certame levará consigo a descualificación automática do participante.